3ª	TVA	1º CICLO	Ramón TVA F+H	Tamara TVA B+C	
4ª	1º CICLO	Tamara 2º CICLO	Tamara 2º CICLO	Tamara 2º CICLO	Tamara 2º CICLO
5ª	Tamara TVA A+G	Tamara 2º CICLO	Tamara 2º CICLO	Tamara 2º CICLO	Tamara 2º CICLO

XIMNASIO

	LUNS	MARTES	MÉRCOR.	XOVES	VENRES
1ª		TAMARA FPB			
2ª	TAMARA FPB	TAMARA FPB	Ramón/Tama ra ADESTRAM.	Ramón/Tama ra ADESTRAM.	
3ª	RAMÓN 1º CICLO				
4ª	RAMÓN 1º CICLO				
5ª	Ramón TVA F+H		Ramón TVA D+E	RAMÓN FPB	RAMÓN FPB

3.2.7. Organización dos recreos

O lugar habitual para levar a cabo os recreos será o patio exterior, sempre que a climatoloxía o permita.

Haberá un planilla co persoal asignado para a vixilancia do patio(ver 3.2.8.).

Además, atendendo ó proxecto de patios divertidos, levaranse a cabo as seguintes actividades:

- A actividade de fútbol farase de luns a xoves supervisada polo persoal indicado.
- En cada corredor os alumnos/as contará cun balón de baloncesto e outro de fútbol para utilizar no recreo.
- Os xoves, ademáis, farase un xogo que será publicitado na porta de saída ó patio dos corredores verde e laranxa. Este xogo será diferente cada xoves e estará organizado por unha das persoas voluntarias que compoñen o equipo de dinamización dos patios. Este xogo rematará as 12:25h.
- Os días de choiva esta terceira actividade este xogo suspenderase e manteranse fútbol e baloncesto no ximnasio. Alternarase un día baloncesto e outro fútbol.
- O encargado do material do xogo que se fai os xoves será a persoa voluntaria do equipo de dinamización dos patios á que lle toque ese xoves levala a cabo.
- Nos recreos dos FPB haberá partidos de fútbol os xoves.
- Os venres ampliarase o tempo de recreo de TVA ata as 13:00 h. para que exista un tempo de convivencia entre TVA e FPB.
- Os luns ampliarase o tempo de recreo de 2º ciclo ata as 13:00 h. para que exista un tempo de convivencia entre 2º ciclo e FPB

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Fútbol	Fútbol	Fútbol	Fútbol	Recreo compartido TVA-FPB
Recreo compartido 2º-FPB			Xogo 1º+2º+TVA	
			Liga fútbol FPB	

Sempre que chova e os alumnos/as non poidan saír ó patio, farán o recreo no interior do Centro, aproveitaremos os seguintes espazos:

- a.- Salón de actos.
- b.- Ximnasio/Hall do segundo corredor.

A distribución dos alumnos nos distintos lugares, establécese en función da envergadura e actividade dos nenos e nenas, estando a lo menos un mestre responsable e unha coidadora en cada lugar, como base será a seguinte:

- 1º ciclo: salón
- 2º ciclo: ximnasio e fútbolín
- TVA: ximnasio e fútbolín
- PF de FPB: ximnasio e fútbolín

No caso de que falte un mestre de garda de recreo, outro designado pola xefatura de estudos deberá facer a garda, anotándose a substitución nun cadro de control.

3.2.8. Quendas de vixilancias dos recreos

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1º	Carmen Toro Bea Mata Sabela Cuida 2ºCiclo A Cuida TVA Lucía	Angélica* Quique Isa Julia Cuida TVA 1	Angélica Quique Isa-Julia* Ingrid Cuida 2ºC Mauro	Cristina Elena Salas Sabela Ingrid	Cristina Julia-Isa* Elena Salas Cuida TVA 1
2º TVA	Alicia Yolanda Paula E. Sonia** Cuida 2ºCiclo Mauro Cuida TVA Jairo Cuida TVA 2	Patricia** Inés** Xoan Carlos Ana Celeiro Paula R. Gael Cuida Jairo Cuida TVA Lucía	Sonia Isabel Mar Ramón Bea Mata Cuida 2ºC B	Carmen T. Isaac Patricia Xoan Carlos Yolanda Paula E.	Paula R. Alicia Ana Celeiro Isabel Cuida 2ºC B Cuida 2ºC A Cuida TVA 2
Biblio	Inés	Marta Barros	María Fragueiro	María Fragueiro	Marta Barros
PFB	Bea interprete/Cris	Paco/Cris	Conchi/Amparo	Anxo/Cris	Cris/Ana Cortegoso
Biblio	Mar	Isela	Sabela	Ana Cortegoso	Nestor

4. ORGANIZACIÓN DO CENTRO

4.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA DO CENTRO

4.1.1. Equipo directivo

Directora: Concepción Martínez Rodríguez

Xefe de Estudos: Ramón Troncoso Sobrino

Secretaria: Angélica González Pousada

4.1.2. Claustro de mestres

MESTRE/A	ESPECIALIDADE
AMATRIAÍN SUÁREZ, SONIA	PT
ARMADA RODRÍGUEZ, ISABEL	PT
BARBERO MUÑOZ, YOLANDA	PT
BARROS GARCÍA, MARTA	PT
BOUZÓN COUÑAGO, MARTA	PT
CABALEIRO NÚÑEZ, FRANCISCO	XARDINARÍA
CELEIRO LÓPEZ, ANA MARÍA	PT
CORREA GONZALEZ, ALICIA	PT
CORTEGOSO SIMONS, ANA CRISTINA	PT
DAVILA SOTO, PATRICIA	PT
DOYLET VARGAS, INGRID CAROLINA	PT
ESTÉVEZ SANROMÁN, PAULA	PT
FERÁNDEZ CASTRO, GAEL	PT
FERNÁNDEZ FONSECA, SABELA	MÚSICA
FRAGUEIRO SANTORO, MERCEDES	AL
GARCÍA PINTOS, ISELA	REPROGRAFÍA
GÓMEZ FIGUEROA, ISAAC	PT
GONZÁLEZ CAMPOS, XOAN CARLOS	PT
GONZÁLEZ POUSADA, ANGÉLICA	PT
LASTRA VAL, TAMARA	EF
MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, CONCEPCIÓN	PT
MATA LÓPEZ, BEATRIZ	AL
MONTILLA FERNÁNDEZ, ANXO	LAVANDARÍA
PÉREZ TABOADA, CRISTINA	PT

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, INÉS	PT
RODRÍGUEZ PÉREZ, PAULA	AL
SALAS LABRADOR, ELENA	PT
SILVA ÁLVAREZ, MAR	O
TORO CABALEIRO, M ^a DEL CARMEN	PT
TRONCOSO SOBRINO, RAMÓN	EF
VALIÑAS CASTELO, AMPARO	PEITEADO
VAZQUEZ MARIÑO, NESTOR	CARPINTARÍA

4.1.3. Consello escolar

A composición do consello escolar do centro é a seguinte, pendente da renovación que se fará este ano.

Directora: Concepción Martínez Rodríguez

Xefe de Estudos: Ramón Troncoso

Secretaria: Angélica Gonzalez Pousada.

REPRESENTANTES DO PROFESORADO

1. Xoán Carlos González Campo
2. Yolanda Barbero Muñoz
3. Marta Barros García.
4. Paula Estevez Sanromán.

REPRESENTANTES DOS PAIS/NAIS

1. Cristina Chapela Rivas
2. Mercedes Vales Expósito
3. Daniel Costas Currás.
4. Victoria Villar de Villa.
5. M^a del Carmen Flores Ortigueira. (representante da ANPA).

REPRESENTANTES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVICIOS

1. Elisa Rodríguez Camiña
2. Julia Bouza Domínguez
3. Ana Belén López Fariña.

4. Enrique Gonzalez Dominguez.

REPRESENTANTE DO CONCELLO

Rita Rielo Franco

4.2. ORGANIZACIÓN PEDAGÓGICA

4.2.1. *Equipos de ciclo*

1º CICLO		
MESTRE	CLASE	EQUIPO
DOYLET VARGAS, INGRID CAROLINA	A	Dinamización
PÉREZ TABOADA, CRISTINA	B	-
GONZÁLEZ POUSADA, ANGÉLICA	C	Secretaria
FRAGUEIRO SANTORO, MERCEDES	AL	Coord. Biblioteca
SALAS LABRADOR, ELENA	AED	Coord. SAAC

2º CICLO		
MESTRE	CLASE	EQUIPO
ARMADA RODRÍGUEZ, ISABEL	A	Biblioteca
TORO CABALEIRO, CARMEN	B	Dinamización
AMATRIAÍN SUÁREZ, SONIA	C	-
GÓMEZ FIGUEROA, ISAAC	D	TICs
MATA LÓPEZ, BEATRIZ	AL	SAAC
FERNÁNDEZ FONSECA, SABELA	Músic	Complementar.

TVA		
MESTRE	CLASE	EQUIPO
CORREA GONZALEZ, ALICIA	A	-
DAVILA SOTO, PATRICIA	B	Coord. TICs
RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, INÉS	C	Biblioteca.
GONZÁLEZ CAMPOS, XOAN CARLOS	D	Coord. Formación
CELEIRO LÓPEZ, ANA MARÍA	E	Dinamización
BARBERO MUÑOZ, YOLANDA	F	TIC
BARROS GARCÍA, MARTA	G	Biblioteca
ESTÉVEZ SANROMÁN, PAULA	H	Complementarias

FERNÁNDEZ CASTRO, GAEL	APOIO	Complementarias
RODRÍGUEZ PÉREZ, PAULA	AL	SAAC

FPB		
MESTRE	CLASE	EQUIPO
CABALEIRO NÚÑEZ, FRANCISCO	XARD	Coord ciclo + FCT+ Dinamiz
GARCÍA PINTOS, ISELA	REPR	Coord. Complem.
VALIÑAS CASTELO, AMPARO	PÈRR	SAAC
MONTILLA FERNÁNDEZ, ANXO	LAV	TICs
VÁZQUEZ MARÍÑO, NESTOR	CARP	Biblioteca
CONRTEGOSO SIMONS, ANA	CAR+PE+LA	Dinamización
MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, CONCEPCIÓN	REP+XAR	-
LASTRA VAL, TAMARA	EF	Complementarias

TRONCOSO SOBRINO, RAMÓN	EF	-
SILVA ÁLVAREZ, MAR	ORINTADORA	-

4.2.2. Equipos e departamentos

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓGICA

Ramón Troncoso Sobrino (secretario)

Cristina Pérez Taboada

Sonia Amatriaín Suárez

Alicia Correa González

Francisco Cabaleiro Núñez

Concepción Martínez Rodríguez

Mercedes Fragueiro Santoro

Paula Rodríguez Pérez / Beatriz Mata López.

Mar Silva Álvarez

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Francisco Cabaleiro Núñez (coordinador)

Ingrid Carolina Doylet Vargas
Carmen Toro Cabaleiro
Ana M^a Celeiro López
Ana Cristina Cortegoso Simons

EQUIPO ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Isela García Pintos (coordinadora)
Sabela Fernández Fonseca
Paula Estévez Sanromán
Gael Fernández Castro
Tamara Lastra Val

EQUIPO DE BIBLIOTECA

Mercedes Fragueiro Santoro (Coordinadora)
Isabel Armada Rodriguez.
Inés Rodríguez González
Marta Barros García
Néstor Vázquez Mariño

EQUIPO DE TICs

Patricia Davila Soto (Coordinadora)
Isaac Gómez Figueroa
Yolanda Barbero Muñoz
Anxo Montilla Fernández

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Mar Silva Álvarez (Coordinadora)
Cristina Pérez Taboada
Sonia Amatriaín Suárez
Alicia Correa González
Francisco Cabaleiro Núñez
Beatriz Mata López
Mercedes Fragueiro Santoro
Paula Rodríguez Pérez.

EQUIPO DE SAAC

Elena Salas Labrador (Coordinadora)

Paula Rodríguez Pérez

Beatriz Mata López

Amparo Valiñas Castelo

5. ALUMNADO

Neste momento están escolarizados no centro 96 alumnos, que se distribúen en dúas modalidades educativas:

- a) Educación Especial.
- b) Programas Formativos de Formación Profesional Básica

A.- EDUCACIÓN ESPECIAL

Neste curso escolarizamos 51 alumnos e alumnas de 7 a 21 anos, agrupados en ciclos en función da súa idade:

- Primeiro Ciclo: 3 aulas con alumnado de 7 a 12 anos, cun total de 10 alumnos e alumnas, 4 dos cales acuden en escolarización combinada
- Segundo Ciclo: 4 aulas con alumnado de 12 a 16 anos, cun total de 14 alumnos e alumnas, 1 deles en escolarización combinada
- Tránsito á vida adulta: 8 aulas con alumnado de 16 a 21 anos, cun total de 28 alumnos e alumnas.

B.- PROGRAMAS FORMATIVOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

Neste ciclo escolarizanse 45 alumnos de 16 a 21 anos que están a cursar un dos seguintes programas:

- Xardinaría: 10 alumnos e alumnas
- Reprografía: 10 alumnos e alumnaas
- Peiteado: 8 alumnas
- Carpintería: 8 alumnos
- Lavandaría: 9 alumnos e alumnas

Características máis salientables deste curso:

- Tentarase facer os grupos o máis homoxéneos posibles, descendendo a ratio daqueles que escolarizan ós nenos con necesidades máis específicas.
- Sempre que sexa posible os alumnos permanecerán dous anos cun mesmo titor/a.
- Debido as necesidades e características dos rapaces, flexibilizouse a escolarización de un alumno, co fin de integralo naquel que se adapte máis as súas necesidades.
- Os grupos son flexibles, podendo modificarse despois de iniciado o curso, sempre que así o aconsellen posibles problemas de interrelación entre o alumnado, novas incorporacións ou necesidades do ciclo, que será o primeiro estamento encargado de facer a proposta de modificación.
- Existen diferentes agrupamentos á hora de realizar as distintas actividades escolares, buscando sempre desenrolar os principios de participación e de socialización:
 - actividades individuais
 - actividades de grupo clase
 - actividades de varias aulas
 - actividades de ciclo
 - actividades conxuntas interciclos
 - actividades de centro
- Os diferentes tipos de agrupamento tamén gardan moita relación coas actividades a realizar e a utilización dos espazos do centro: clase, obradoiros, aula fogar, sala de video, comedor...
- Este curso, farase a incorporación sistemática de catro alumnos de TVA a FPB durante dúas sesións dun día á semana.

6. PLAN DE TRABAJO DOS DISTINTOS EQUIPOS DE CENTRO

6.1. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

INTRODUCCIÓN

Segundo o Decreto 374/1996, do 17 de outubro de regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria sinala que o equipo de actividades complementarias e extraescolares encargárase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades.

``Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe consideralas visitas, traballos de campo, viaxes de estudio, conmemoracións e outras semellantes.`` (Artigo 69º, D 374/1996).

Por outra banda, *``teñen carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, se realizan fora do horario lectivo``*. (Artigo 70º, D 374/1996).

COMPOSICIÓN DO EQUIPO.

O equipo estará formado polos seguintes mestres/as para o curso académico 2019/2020:

- O coordinador (FPB): Isela García Pintos.
- Representante de 2º Ciclo: Sabela Fernández Fonseca.
- Representantes de TVA: Paula Estévez Sanromán y Gael Fernández Castro.

OBXECTIVOS

Os obxectivos xerais do Equipo de actividades extraescolares e complementarias podemos resumilos en:

1. Contribuír ao desenvolvemento das capacidades do alumnado relacionadas cos obxectivos xerais do proxecto curricular dos diferentes ciclos do centro, potenciando a súa preparación cultural e a súa formación integral.
2. Fomentar a participación activa do alumnado e conseguir que se sintan motivados cara as actividades culturais, deportivas e de lecer.
3. Animar aos diferentes departamentos ou equipos ao desenvolvemento de experiencias inderdisciplinares.
4. Apoiar aos departamentos en cantas actividades teñan programadas.
5. Facer chegar ao centro aquelas actividades propostas por outras institucións o entidades que teñan carácter educativo e cultural.

6. Informar ao resto do equipo e mestres/as de todas aquelas actividades que se pretenden realizar ou que se propoñan.
7. Facer que o centro sexa para o alumnado e profesorado un marco no que, ademais de ter lugar actividades académicas, poidan desenvolver os seus intereses culturais.
8. Reforzar e ilustrar os contidos das diferentes áreas.
9. Relacionar ao alumnado co seu entorno natural, social e cultural.

ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMIENTO

O coordinador do equipo de actividades complementarias e extraescolares reunirse co seu equipo mínimo unha vez por mes, e tamén de forma extraordinario cando sexa necesario. Cada representante de ciclo será o responsable de transmitir a información das novas actividades ao resto de profesorado dese ciclo coa finalidade de pechalas o antes posible.

Moi importante será tamén unha boa coordinación co Equipo de Normalización Lingüística para a planificación de datas sinaladas como o samaín, magosto, nadal, entroido, etc.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTAESCOLARES

Baixo este epígrafe reúnense tódalas actividades que non tendo carácter estritamente escolar, teñen unha fonda implicación pedagóxica, xa que contribúen a lograr a formación integral do noso alumnado, **obxectivo** primordial que con elas se quere acadar.

Cadro de saídas

Para este curso tentarase planificar, polo menos, as saídas que aparecen no cadro seguinte, tendo en conta as realizadas nos cursos anteriores. Ao longo do curso poderán deseñarse outras que serán reflexadas na memoria final de curso.

Visita a:	1º Ciclo	2º Ciclo	TVA	PF de FPB
Entorno	*	*	*	*

Excursión fin de curso	*	*	*	*
Actividades Afundación			*	
Actividades no supermercado		*	*	*
Parque de xogos	*	*	*	
Visita ó Concello		*	*	*
Rutas de sendeirismo		*	*	*
Actividades de N.L. Concello de Vigo	*	*	*	*
Saídas profesionais dos PF de FPB				*
Día da árbore (Comunidade de Montes)	*	*	*	*
Educación Viaria.	*	*	*	*
Bolera		*	*	*
Actividades de Nadal	*	*	*	*
Ceas temáticas		*	*	*

Celebracións escolares

➤ **Actividades de aula;** son as reflectidas na ORDE do 28 de maio de 2018 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2019/20 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, que recolle as seguintes conmemoracións a celebrar:

- 20 de novembro de 2019: Día Universal da Infancia
- 25 de novembro de 2019: Día Internacional contra a Violencia de Xénero

- Do 2 ao 9 de decembro de 2019: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2019: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2019: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 30 de xaneiro de 2020: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 8 de marzo de 2020: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2020: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 9 ao 13 de marzo de 2020: Semana da Prensa. Un día desta semana traballárase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2020: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 20 e o 24 de abril de 2020: Semana do libro.
- 2 de maio de 2020: Día internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2020: Día de Europa.
- Do 11 ao 15 de maio de 2020: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2020: Día Mundial do Ambiente.

➤ **Actividades de Centro**

- Centro interese: 50 aniversario.
- Festas de aniversarios
- Día da música
- Samaín
- Magosto
- Nadal
- Día da Paz
- Entroido
- Semana da Prensa e Día do Libro
- Semana cultural das Letras Galegas

- Festa da auga
- Festa fin de curso

Concursos

- Concurso de Beléns de Caixanova.
- Concurso de postais de Special Olympics.
- Aqueles outros que resulten de interese para calquera dos mestres.

Outras actividades

- Actividades deportivas: o alumnado de Centro, sempre dentro das súas posibilidades, participará nas actividades deportivas organizadas por FGDA, no cal participa un grupo de rapaces/rapazas de 2º ciclo, TVA e FPB.

- Piscina: 29 alumnos/as do centro asisten voluntariamente a esta actividade que se leva a cabo na Piscina Municipal de Lavadores, durante os meses de Outubro a Maio, dentro do horario escolar, os venres de 10:30 a 12:15, sendo acompañados por persoal do Centro. O horario de permanencia na piscina é de 11:00 a 11:45. Existen uns criterios de selección establecidos polo equipo de actividades complementarias e extraescolares coa colaboración do Departamento de Orientación, así como a fisioterapeuta e mestres de Educación Física. Co fin de colaborar na actividade, este ano seguirán entrando no recinto da piscina os mestres de Educación Física, fisioterapeuta e mestres tutores como persoal de apoio ós monitores, facendo actividades cos rapaces na auga. Asemade entrará tamén persoal coidador e un mestre/a, co fin de atender ó alumnado nas súas necesidades básicas e contribuír a orde na actividade.

O medio acuático é un "elemento favorable" para estimular novos patróns de movementos, potenciar as capacidades físicas e axudar no proceso que conforma a súa evolución. Ademais de estas aportacións motoras, a auga exerce un influxo importante nos aspectos do desenvolvemento social, terapéutico e psicomotriz.

- Plan proxecta: solicitouse un programa que xa se levou a cabo no curso anterior: "Meteoescolas". Este curso a mestra encargada será Ana Celeiro titora de TVA-E. Este ano tamén slicitouse os programas ``Nos tamén creamos`` e ``Ponlle as pilas ao teu bocata``.

- Outras actividades: todas aquelas actividades que non están cerradas e planificadas nesta memoria expóñense na memoria final tentando acadar o maior número de actividades posibles sempre dentro da súa posibilidade sen entorpecer o normal desenvolvemento do curso.

1. AVALACIÓN.

Ao finalizar cada unha das actividades farase unha avaliación das mesmas para comprobar en que grado se acadaron os obxectivos propostos. O coordinador ou coordinadora de ciclo que vaia á actividade ou calquera outro titor/a terá que cubrir una pequena enquisa coas seguintes cuestións:

1. Nome da actividade
2. Curso e número de alumnos.
3. Localidade, institución, entidade, local... onde se realizou a actividade.
4. Acadáronse os obxectivos propostos nesta actividade?.
5. A actividade resultou didáctica/formativa para o alumnado?
6. Cales eran as expectativas iniciais?
7. Cumpríronse esas expectativas?
8. Cambiarías algunha cousa?. Cales?.
9. Propostas de mellora para esta actividade.
10. Valora a actividade do 1 ao 10

6.2. PLAN DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

XUSTIFICACIÓN

A partires da avaliación de actividades que resultaron positivas o curso pasado e das propostas de mellora consideradas, plantexamos o traballo do Equipo de dinamización da lingua galega para o presente curso 2018-2019.

OBXECTIVOS

A partir dos obxectivos xerais do centro, propoñemos os seguintes obxectivos específicos para o curso 2018-2019.

Obxectivos específicos

1. Promover e dinamizar o emprego da lingua galega no alumnado, a fin de que adquiren o maior nivel de competencia lingüística funcional posible, dacordo coas súas características individuais.
2. Propoñer novas actividades en cumprimento dos obxectivos xerais propostos no Plan Lingüístico de Centro, que se concretarán na ADDENDA 2018-2019, e potenciaranse nun programa de fomento do uso do galego no noso centro.
3. Recordar ao principio de curso o acordo de centro sobre o uso do galego en función da normativa vixente (Decreto 79/2010) e as características do noso centro de educación especial rexido polo ROC 374/1996.
4. Elaborar e promover a realización de actividades encamiñadas á difusión e recuperación da lingua e realidade cultural galega, por parte de toda a nosa comunidade educativa (actividades feitas por diferentes organismos, actividades lúdico-festivas, etc).
5. Facer un traballo coordinado co resto de equipos de centro (Biblioteca, Actividades complementarias e extraescolares, SAAC, TICS e Equipos de ciclo), a fin de rendibilizar mellor os recursos e esforzos, en beneficio da mellora e frecuencia do uso da lingua; como por exemplo os festivais e conmemoracións sinaladas no calendario escolar (Samaín, Magosto, Nadal, Letras Galegas), etc.
6. Potenciar a participación das familias nas actividades propostas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
7. Restablecer o funcionamento da radio escolar “O Saladino nas Ondas”.
8. Persuadir aos diferentes docentes de introducir o galego nas actividades conxuntas como o Teatro.
9. Fomentar un maior número de concertos de música en galego, tentando de implicar a Igualarte, á Unión Musical de Cabral, o grupo Cordas Novas, a Rondalla “A Merced de Chaín” ou calquera outra entidade musical sen ánimo de lucro que velen por transmitir a cultura galega.
10. Facer unha posta en valor de aspectos propios da cultura galega de Vigo a través da tradición de Entroido dos “merdeiros” e a Conmemoración da “Reconquista” de Vigo.
11. Potenciar a participación en Concursos de centro con incentivos e premios non só para os gañadores, se non para todos os participantes, como por exemplo nos Xogos Florais, facendo no só un curso de literatura, senón tamén de debuxo para que poida participar o alumnado que non domina ou carece de acceso a lecto-escritura.

12. Participar na V edición de Faro da Escola en colaboración co Faro de Vigo elaborando un periódico de entre 8 e 32 páxinas.
13. Editar unha revista escolar que sexa un resumo das actividades realizadas durante o curso 2019-2020, con especial atención ao eixo temático do centro para este ano: “O 50 aniversario do CEE Saladino Cortizo”, cunha edición progresiva ao longo do curso, e evitando concentrar todos os esforzos de edición e elaboración no mes de maio.
14. Seguir un ano máis en “Nós tamén creamos” do plan Proxecta, na procura da realización de curtas en galego.

MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

A partires das liñas xerais de actuación para o fomento do uso da lingua galega, concretamos as liñas de actuación concretas que se amosan a continuación nas seguintes medidas:

O emprego normalizado do galego por parte de toda a comunidade educativa propiciará que o alumnado teña unha visión positiva deste. Tendo en conta que unha parte importante do noso alumnado ten limitadas as súas capacidades comunicativo-lingüísticas, será importante que exista unha boa planificación e programación tanto de centro coma de aula.

a) Medidas a nivel de centro:

As medidas adoptadas para o fomento da lingua galega a nivel de centro levaranse a cabo en torno a unha serie de actividades que se realizarán conxuntamente. Cada un dos membros do EDL farase responsable das devanditas actividades. Algunhas das actividades propostas son as seguintes:

- **Radio Escolar “O Saladino nas ondas”**, a cal funcionará nos recreos e na que se porá a Radio Galega Música, e se noticias relacionadas co día a día do colexio.
- **Panel dos Parabéns**, cada mes confeccionase un panel no que se expoñen os rapaces que están de aniversario. No mesmo cólganse tarxetas de parabéns en galego, elaboradas polos alumnos.
- **Concertos de música galega e en galego**. Promoveremos concertos ofrecidos por diferentes entidades, onde se promova a escoita de música tradicional galega, ou en galego. Por exemplo, no Magosto música tradicional, no Nadal panxoliñas populares galegas, etc.
- **Celebración de festas populares galegas**, en coordinación co Equipo

de Actividades Extraescolares e Complementarias: Samaín, Magosto, Día da Paz, Día da árbore, Entroido, Xogos Populares, Maio cultural. Todo o alumnado participa en maior ou menor medida na elaboración de diferentes recursos e materiais.

➤ **Contacontos e teatro en galego.** Coa participación de profesorado preferentemente pero tamén alumnado, fomentárase a lectura de contacontos en galego, podendo traer ata o colexio algún ou algúnha contacontos, así como a realización da obra de teatro en galego. Resultará motivante para o alumnado e divertido de cara a fomentar o uso do galego.

➤ **Exposicións en galego.** Empregarase a lingua galega como vehículo de expresión nos carteis, murais e exposicións que se fagan no centro. Faranse exposicións de froitos de Outono, facendo fincapé nas castañas, de árbores de Nadal a partires de felicitacións de Nadal en Galego realizadas para os certames de Nadal, etc. Haberá exposición dos carteis en homenaxe ao autor ou autora homenaxeado no Día das Letras Galegas, etc.

➤ **Revista Escolar “Tartaruga”:** recolle textos escritos en galego polo alumnado. Asemade servirá para amosar algúns dos traballos elaborados durante o curso por aqueles alumnos que non teñen acadada a función lingüística. Coa nosa participación **en Faro da Escola**, elaboraremos de 1 a 6 periódicos de entre 8 e 32 páxinas en colaboración co Faro de Vigo.

➤ **Maio Cultural**, ao longo do mes de maio e co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, elaboraranse distintos traballos relacionados coa persoa a quen se dedique. Convocaranse os Xogos Florais, os Xogos Populares, farase representación musical contando con pandereteiras/os, baile galego e interpretación instrumental de música galega.

➤ **Documentación en galego**, toda a documentación que se xenere no centro, tanto interna coma externa, será elaborada en galego (circulares informativas, menús, horarios, carteis...)

b) Medidas a nivel de profesorado: coa finalidade de fomentar o uso do galego por parte do profesorado na comunicación cos alumnos, e dende o EDL, levaranse a cabo as seguintes actuacións: apoio e coordinación sobre o fomento do uso do galego, para facilitar o cumprimento da normativa lingüística vixente, e recordar os acordos tomados sobre o uso das diferentes linguas cooficiais nas distintas áreas das ensinanzas que se levan a cabo no centro. Programar actividades nas que se materialicen as liñas de actuación de fomento do uso do galego, en colaboración cos

diferentes profesionais do centro.

c) Medidas a nivel de alumnado: para fomentar o uso do galego entre o noso alumnado, a adquisición dun vocabulario máis amplo e o desenvolvemento das súas habilidades comunicativas e lingüísticas, así coma no uso de Sistemas Alternativos e Aumentativos de Comunicación, propoñemos as seguintes medidas: escoitar música galega, tanto na radio escolar, na aula de referencia coma na de Educación Musical; aprender cancións en galego. Visualización de filmes en lingua galega na hora dedicada ó vídeo. Sesións de contacontos en galego e representacións teatrais. Desenvolver certas unidades didácticas en galego, especialmente as relacionadas coas festas e actividades organizadas dende este equipo: samaín, magosto, letras galegas, maíos...

METODOLOXÍA

A nosa metodoloxía vai encamiñada a fomentar a expresión e comunicación en Lingua Galega, dun xeito natural e espontáneo.

A motivación do alumnado será o noso principal obxectivo, polo que plantexaremos actividades o máis lúdicas e divertidas posibles. Pensamos que o arte nos pode axudar a perseguir este obxectivo.

Empregaremos o arte como vehículo de transmisión da cultura galega, facendo fincapé no cine, no teatro e artes escénicas, na literatura, nas artes plásticas e visuais, e na arte musical de danza, canto e interpretación instrumental.

A **metodoloxía por proxectos** servirá de base para a elaboración de traballos en pequeno e gran grupo de xeito que a partires de pequenas colaboracións de todos, fagamos grandes cousas, como as exposicións, decoracións, libros, cantos, bailes, etc. Somos partidarios dos agrupamentos heteroxéneos e do modelado de cara a fomentar a participación de todos na creación de arte en galego e a promoción da lingua e cultura de Galicia.

A **temporalización** será a de festividades e conmemoracións máis habitualmente traballadas na aula, facendo fincapé ás referentes a cultura galega. Pretendemos que haxa un fío condutor entre a meirande parte das actividades de dinamización da lingua galega e as programacións de aula, de cara a integrar o galego na práctica docente e no proceso de ensinanza-aprendizaxe do noso colexio.

RECURSOS

Para a posta en marcha deste proxecto contarase cos seguintes recursos:

A) Recursos persoais: o equipo de dinamización lingüística como responsable do deseño e a posta en marcha das actividades. O resto do profesorado do centro como dinamizadores das actividades, para o que contarán coa colaboración do persoal coidador, moi importante como persoal de apoio. E as familias, como colaboradoras nas actividades que se proponen.

B) Recursos materiais: Os necesarios para cada actividade que se plantexe, tódolos propios do centro mais o material que se merque con cargo a este proxecto.

AVALIACIÓN

Avaliación inicial. Farase unha avaliación inicial valorando o traballo feito o curso anterior e tendo en conta as propostas de mellora, e así establecer obxectivos específicos e liñas de acción concretas para este curso en función dos obxectivos e liñas de acción xerais contempladas no Proxecto Linguístico 2017-2021.

Avaliación do proceso. Avaliarase cada unha das actividades tendo en conta criterios como o grao de participación e acollida do alumnado; o grao de implicación dos axentes implicados (alumnado, profesorado, familias); grao de interese amosado polo alumnado; custe económico preferentemente baixo dos recursos empregados; conveniencia da actividade na temporalización xeral do curso; grao de dificultade para a posta en marcha da actividade e aspectos a mellorar de cada actividade e dificultades atopadas.

Avaliación final: analizaranse as dificultades atopadas e aspectos a mellorar de cada actividade efectivamente realizada ao final de curso, no que será avaliada positiva ou negativamente, e se poderá facer observacións de cara a modificar, mellorar, suprimir ou ampliar ditas actividades.

6.3. PLAN TIC

COMPOSICIÓN DO EQUIPO

O equipo de TICs para este curso está integrado polos seguintes membros:

- Patricia Davila soto (coordinadora e representante de TVA)
- Isaac Gómez Figueroa (representante do 2º ciclo)
- Yolanda Barbero Muñoz (representante de TVA)
- Anxo Montilla Fernández (representante de FPB)

INTRODUCCIÓN

Durante o curso 2019/20 esperamos mellorar os recursos TIC dispoñibles no centro sempre así como sacar maior proveito tanto dos recursos como dos espazos dispoñibles.

Este curso xa temos en funcionamento a aula de informática, se ben, os equipos cos que contamos son poucos e bastante vellos polo que se fai complicado traballar nela co alumnado.

OBXECTIVOS

- Asignar tarefas concretas a cada un dos membros do equipo.
- Dinamizar e impulsar o uso das TIC no centro.
- Dinamizar a páxina web do centro.
- Tratar de resolver as dúbidas dos compañeiros con respecto ao uso das TIC e os recursos dispoñibles.
- Dotar o centro de tecnoloxías que sexan accesibles para todo o alumnado tendo en conta especialmente ao alumnado con discapacidade motora.
- Potenciar o uso da aula de informática coa realización de obradoiros e actividades de grupo-aula.
- Recoller as incidencias no libro destinado ás mesmas.
- Realizar o mantemento dos equipos informáticos contando coa colaboración de técnico.
- Actualizar os inventarios TIC do centro (equipos e recursos educativos)
- Comezar a traballar con códigos QR

ACTUACIÓNS

- Distribuír as funcións de cada un dos membros do equipo.
- Realizar vídeos e fotos nas actividades de cada ciclo, saídas, conmemoracións... selecciónalas e montar as correspondentes reportaxes para subir á web do centro.
- Manter actualizada a web do cole (subir vídeos de conmemoracións/ saídas ou obradoiros, engadir contidos ao Symbaloo...)
- Diseñar e elaborar documentos para colgar na web (menú do comedor, por exemplo).
- Resolver dúbidas relativas ao uso das TICs e xestionar eficazmente os recursos dispoñibles.

- Realizar actividades na aula da informática dentro dos obradoiros de cada ciclo (obradoiro de TICS de 2º ciclo ou obradoiro de prensa/TICS e obradoiro de curtas de TVA) ou con actividades puntuais organizadas por cada titor.
- Empregar o libro de incidencias da sala de mestres para recoller aí as mesmas colaborando co traballo do equipo TICS e do técnico para o bo mantemento dos equipos .
- Actualizar as guías e titoriais para o emprego de recursos TIC (KIZOA, Symbaloo..)
- Revisar e actualizar os inventarios de recursos TIC.
- Elaborar un listado de necesidades TIC e establecer as prioridades para a súa adquisición.
- Contar con equipos en bo estado na aula TIC que faciliten o traballo dos obradoiros e dos distintos grupos-aula.
- Empregar códigos QR co alumnado e coas familias para visitar a páxina web, recomendar contidos de interese, consultar información do centro...

METODOLOXÍA

Dentro do horario lectivo dispomos dunha hora semanal para a coordinadora do equipo na que se traballa para acadar os distintos obxectivos. Ademais, os distintos membros do equipo poderán adicar as horas de garda para algunha das tarefas asignadas.

Mensualmente celebramos unha reunión de equipo para coordinar as nosas actuacións; aínda así, por medio do correo electrónico, manterémonos informados de calquera incidencia ou tarefa a realizar.

RECURSOS MATERIAIS

Os recursos materiais dos que dispomos recóllense no inventario do centro.

AVALIACIÓN

Ao finalizar o curso académico pasaremos unha enquisa ao claustro para avaliar as actuacións levadas a cabo e para recompilar as propostas de mellora de cara ao vindeiro curso.

6.4. SISTEMAS ALTERNATIVOS E AUMENTATIVOS DE COMUNICACIÓN

COMPOSICIÓN:

O equipo está formado por :

- Elena Salas Labrador, mestra apoio ao equipo directivo e coordinadora do equipo.
- Beatriz Mata López, mestra de A.L. adscrita a 2º ciclo.
- Paula Rodríguez Pérez, mestra de A.L. adscrita a TVA.
- Amparo Valiñas Castelo, mestra de FPB de perruquería.

COORDINACIÓN:

Teranse reunións mínimo unha vez ao mes para ir organizando e elaborando as actividades.

OBXECTIVOS:

Continuar mellorando a autonomía dos alumnos.

Continuar mellorando a comunicación dos alumnos.

Continuar economizando esforzos, recollendo e compartindo traballos realizados polos mestres.

Recoller, coordinar e compartir o material ofrecido polos mestres do centro.

Compartir a través da web do cole recursos, materiais, informacións... que se consideren interesantes.

Involucrar ás familias realizando actividades.

PROPOSTAS PARA O CURSO:

1- RENOVACIÓN e ACTUALIZACIÓN:

Renovar/actualizar fotos de alumnado e persoal

Renovar/actualizar carteis das portas das aulas.

Revisar carteis dos espazos en Linguaxe de Signos.

Renovar o panel de transporte.

Actualizar mensualmente o calendario da entrada.

Actualizar fotos do comedor.

Renovar/actualizar plano do centro.

Actualizar as carpetas de RECURSOS COMPARTIDOS de Google Drive.

Actualizar carpeta de arquivos compartidos nos ordenadores da sala de mestres.

Actualizar índices mensuais de recursos.

2- INFORMACIÓN:

Mestras/es: mediante reunións, taboleiro na sala de mestres, Google Drive,..
Actualizar o apartado SAAC da web do colexio,
Actualización do dossier de Información.

Elaboración guías metodolóxicas que axuden a empregar os recursos e materiais seguindo un criterio unificado.

Familias: mediante reunións, circulares, cartas,.. participando có D.O. na organización das actividades que se poidan levar a cabo.

3- BÚSQUEDA E CREACIÓN DE MATERIAIS PARA TRABALLAR:

Recompilar os recursos diversos de lectoescritura, matemáticas, autonomía (tarefas da vida diaria), intelixencia emocional.... que se vaian elaborando no centro.

4- FORMACIÓN:

Elaboración de materiais

Sistema PECS

LSE para o profesorado

Continuar participando no Grupo de Traballo do centro, sobre a elaboración do Proxecto de Centro, coa finalidade de aportar orientacións para que se teñan en conta os SAAC, no proxecto.

AVALIACIÓN:

A finais do curso pasarase ao profesorado a enquisa de valoración.

A final de curso elaborárase unha memoria onde se recolla o traballo levado a cabo e as propostas de mellora cara o curso próximo.

6.5. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O departamento de orientación do noso centro está constituído por un amplo grupo de profesionais que representan cada unha das ensinanzas e colectivos que conforman a nosa comunidade educativa.

O departamento está formado por seis membros de dereito, conforme á **Resolución do 22 de decembro de 2004** pola que se ditan instrucións para os departamentos de orientación dos centros de educación especial e seis membros invitados en base a autonomía organizativa e de xestión dos centros. Esta medida foi aprobada pola dirección do centro e apoiada pola CCP.

Orientadora: Mar Silva Álvarez

Mestras de Audición e Linguaxe: Beatriz Mata
 Paula Rodríguez Pérez
 María Fragueiro

Coordinadora 1º ciclo: Cristina Pérez Taboada.

Coordinadora de 2º ciclo: Sonia Amatriaín Suárez

Coordinadora de TVA: Alicia Correa González.

Coordinador de PFFPB: Francisco Cabaleiro Núñez

Como invitadas:

Fisioterapeuta: Victoria Alonso

Enfermeira: Ana B. López

Traballadora Social: Nerea Couso (Contrato relevo de Josefa Rendo Canedo)

Son dúas disposicións lexislativas do ano 1998 (D.120/98 de 23 de Abril, e Orde de 24 de Xullo de 1998) as que establecen as funcións dos seus membros.

As **liñas prioritarias de actuación** do Departamento de Orientación para este curso 2019-2020 enmárcanse dentro dos seguintes ámbitos: apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe e atención á diversidade, potenciación da acción titorial, sistematización de procedementos e orientación académico-profesional.

- **Apoio ó proceso de ensino-aprendizaxe e atención a diversidade:** Neste senso coidamos de xeito especial o ritmo madurativo propio de cada alumno/a e as circunstancias individuais que fan de cada un deles unha realidade non etiquetable con características diversas tratando de axustar a nosa resposta ás súas necesidades específicas. As tarefas que concentra a actuación son:

- Introducción de melloras baseadas na análise da realidade do centro e do proceso de ensino aprendizaxe (agrupamentos, obradoiros, etapas, currículo, lexislación, titorías, dotacións ...) que xorden ao longo do curso.
- Clarificar e orientar no proceso de escolarización a familias, alumnado e centros cos que colaboramos conforme aos distintos modelos de escolarización (ordinario, combinado, específico).
- Coidar a coordinación con outros centros educativos cos que compartimos alumnado.

- Valorar a adecuación do modelo de escolarización do alumnado ás necesidades que manifesta poñendo en coñecemento das instancias oportunas se nalgún caso consideramos necesario .
- Elaboración de protocolos e informes que faciliten a sistematización da recollida e aproveitamento da información no centro. Recollelas nos documentos oficiais de referencia para o profesorado.
- Actuación de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade e difusión do mesmo.
- Fomentar as reunións organizativas e pedagóxicas entre o profesorado buscando a operatividade nas conclusións.
- Dar o apoio e asesoramento necesario ao alumnado e profesorado para afrontar a diversidade do entorno escolar.
- Incrementar o uso das plataformas informáticas como axudas complementarias de comunicación.
- Participar como docente en reunións informais organizadas entre os membros do propio centro e orientadas a alcanzar maiores competencias pedagóxicas e tecnolóxicas.
- Compartir datos e valoracións sobre o progreso dos alumnos/as e apreciacións relativas ao seu proceso de ensino-aprendizaxe nas xuntas de avaliación tentando de buscar propostas operativas de mellora.
- Revisar as opcións de organización do currículo que nos permite a normativa, transmitilo e valorar entre todos cada unha delas para unificar estruturas e criterios e seguir traballando na procura dun currículo adaptado.
- Colaborar na realización de informes que transmitan os resultados das avaliacións de xeito sintético, accesible e funcional.
- Colaborar na elaboración dos horarios de atención (AL, Fisioterapia,) de xeito que sexan adecuados ás necesidades e faciliten o maior aproveitamento economizando esforzos.
- En colaboración co encargado de formación suxerir e animar a participación en diversas accións formativas.
- Dinamizar, en colaboración co encargado de formación, accións formativas para o profesorado (Presentación de materiais, dinámicas, libros e tecnoloxía).
- Desenvolver un traballo selectivo de curación de contidos mediante o desenvolvemento do Blog de orientación.

- Potenciación da acción tutorial: ámbito de especial relevancia na atención ao noso alumnado e familias.

- Ofrecer apoio e soporte técnico ás actividades de tutoría presentando, seleccionando e difundindo material.
- Apoio, baixo demanda, na concreción de proxectos de acción tutorial con distintas temáticas nas etapas que o precisen.
- Establecer canles estables de comunicación entre o D.O e os ciclos.
- Organizar intervencións individuais e grupais co alumnado que axude a restaurar condutas.
- Colaboración na coordinación do proxecto de acción tutorial con sesións de formación aos titores e deseños de intervención directa no grupo de PFFPB.
- Apoio ao profesorado nas súas intervencións coas familias se o consideran oportuno.
- Compartir co titor a tarefa de identificación de necesidades do alumnado.
- Ofertar aos titores dinámicas, materiais e pautas de actuación ante distintas necesidades.
- Participar nas sesións de avaliación e colaborando na concreción das propostas.
- Participar nas reunións dos diversos ciclos de forma esporádica ou cando alguén do ciclo valore a conveniencia e o solicite.
- Continuar a organización do proxecto “Familias en camiño” no que potenciamos os encontros, a comunicación e a formación das familias.
- Manter unha comunicación fluída coas familias e unha plataforma informática de encontro (Blog: Familias en camiño) que poida funcionar como un centro de recursos sinxelo e accesible fomentando a reflexión e formación dos mestres de AL.

- Sistematización de procedementos: para a mellora do centro son necesarias unhas directrices claras e estables de actuación que faciliten o seu cumprimento, a súa valoración, e se se considera necesario a súa modificación. Os documentos, ben empregados, facilitan evitar a arbitrariedade nos xuízos, corresponsabilizarnos da mellora e respectar a autonomía e os dereitos do propio alumnado, familias e profesionais. Elaboralos, consensualos, telos en consideración e publicitalos é un obxectivo desexable. Para conquerilo trataremos de :

- Continuar como en cursos pasados anticipando a convocatoria do departamento cos puntos a tratar.

- Ter a disposición do profesorado as actas das reunións do departamento para a súa consulta.
 - Dar un formato axeitado aos documentos elaborados, revisalos e colgalos na plataforma de difusión animando a súa lectura.
 - Atender á demanda dos coidadores do centro para, salvando a dificultade horaria, planificar unha reunión conxunta cada dous meses.
 - Optimizar a sesión semanal de coordinación co equipo directivo.
- **Orientación académico-profesional:** nesta liña trataremos de adecuar as propostas e orientacións aos intereses e capacidades do alumnado.
- Colaborar cos titores/as e os alumnos/as na toma de decisións entorno á saída educativa que mais se lles axusta a súas características (TVA-PFFPB).
 - Desenvolver actuacións específicas neste eido especialmente ao longo do último trimestre do curso.
 - Establecer períodos de adaptación para o alumnado que cambia de ciclo, así como, aumentar os días de adaptación para os rapaces de nova incorporación ó centro, para establecer de forma máis correcta a súa adxudicación nunha aula.
 - Anticipar ás familias a proposta de estudos para o próximo curso e transmitirles información acerca das alternativas que existen dentro e fora do noso centro educativo.
 - Coordinación coa traballadora social no contacto con outras institucións cando sexa necesario, por exemplo no caso de asociacións de formación ocupacional ou centros de educación especial cun perfil diferente ao noso.

PLANIFICACIÓN XERAL DO D.O.

Entre as actividades propostas para o curso 2019-20 dende o departamento destacamos:

CRONOGRAMA DAS ACTIVIDADES D.O. para o CURSO 2019-2020		
TEMPORALIZACIÓN	ACTIVIDADES	RESPONSABLES
Primeiro trimestre	<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración das liñas de traballo do DO na PXA. - Valoración inicial alumnado nova incorporación. - Revisión de modelos de escolarización. - Informes de reubicación do alumnado. - Informes de becas NEE. - Elaboración de horarios de atención (AL-Fisio). - Actualización de rexistros e listados. - Propostas de acción titorial aos ciclos. - Contactos con centros de escolarización combinada. - Xuntanza de pais convocatoria “Familias en camiño” - Proxecto acción titorial en PFFPB deseño e aporte de materiais. - Programas externos de formación do alumnado (Querelar, Apuntámonos a non beber) 	Orientador, titores/as, concello, outros.
Segundo trimestre	<ul style="list-style-type: none"> - Programas externos de formación do alumnado (Quérote +; Plan Director) - Seguimento dos apoios externos que recibe o alumnado solicitados na beca de NEE. - Actualización de expedientes. - Encontro orientación CEE. - Probas competenciais (implementación). - Xornadas, cursos e formación . 	Orientador, Seprona, DGT, outros.

<p>Terceiro trimestre</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Decisións, xunto coas familias, acerca do futuro do alumnado para o seguinte curso. - Informes de acceso e cambio de ciclos. - Preparación do alumnado que vai facer a FCT: ansiedades e medos, manexo de posibles conflitos, habilidades sociais,... - Avaliación do Plan de Orientación e elaboración da Memoria final. - Apoio e orientación para a vida adulta do alumnado que abandona o centro. 	<p>Orientador, coordinador FCT, traballadora social, equipo directivo, outros.</p>
<p>Durante todo o curso</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Entrevistas familias e organismos externos. - Coordinación e reunións con centros con alumnado compartido. - Orientación e atención directa ao alumnado. - Asistencia ás xuntas de avaliación. - Colaboración co equipo directivo en todas aquelas tarefas que se requiran. - Coordinación coas tres profesoras de AL para seguimento de alumnado e revisión de medidas de apoio - Preparación, selección e aporte de material para sesións de titorías de PFFPB. - Programa para traballar os valores a través do cine en colaboración cos titores (PFFPB) - Adquisición de material para o D.O. - Difusión de información do centro ás familias. - Coordinación coa traballadora social. - Avaliacións psicopedagóxicas, entrevistas con familias e alumnado e redacción de informes . - Informes varios solicitados polos distintos organismos da administración - Cumprimentar estatísticas oficiais. 	<p>Orientador, mestras de AL, titores/as, outros</p>

6.6. PLAN DE BIBLIOTECA

O equipo de biblioteca presenta un resumo das liñas prioritarias de actuación na biblioteca escolar para a Programación Xeral Anual do Centro para este curso 2.019/2.020. Para maior información pódese consultar o documento completo presentado que está en poder do equipo de biblioteca e da Dirección do Centro.

En relación coa organización e xestión; a configuración da biblioteca como “laboratorio creativo de aprendizaxes”.

Compra de fondos e catalogación dos mesmos atendendo ás necesidades e petición do alumnado e profesorado coa dotación concedida de **1450 €** do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares.

Posta en marcha do proxecto : “**Radio na biblio**” o cal se obtivo unha dotación de 2.000€.

Dinamizar actividades que fomenten a **convivencia** no alumnado a través da creación do novo recuncho de xogos de mesa, seguindo as instrucións da Asesoría de Bibliotecas que este ano propón dinamizar actividades que reforcen aprendizaxes de habilidades sociais e valores democráticos, baixo o lema “Biblioteca escolar, viveiro de cidadanía”.

Expurgo e catalogación de moitos fondos que levaron á biblioteca procedente das aulas.

- En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

As actividades promoverán o desenvolvemento das competencias clave, sobretudo a lingüística, a dixital e a de aprender a aprender. Así se inclúe no documento que se elaborou no centro baseado nun currículo que inclúe estándares e indicadores de aprendizaxe que desenvolven ditas competencias e que fagan da biblioteca un espazo para a aprendizaxe.

Ampliar o horario de uso da biblioteca, por exemplo nos recreos do alumnado de PFPB.

Continuar con actividades de estimulación da linguaxe oral a través dos contos por parte dos mestres/as de audición e linguaxe.

En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional (competencia para o tratamento da información incluída na actual “competencia dixital”).

- Nomeamento de “axudantes de biblioteca” nos recreos: asignación do día e das tarefas atendendo aos intereses e potencialidades do alumnado interesado.
- Sesión de información para o profesorado novo sobre o uso e normas da biblioteca e para o novo alumnado.
- Acollemento de outros centros interesados no funcionamento da nosa “biblioteca inclusiva”.
- Actualización de carnés e de marcadores de libros.
- Propostas de búsqueda de información sobre o proxecto común do curso e dinamización de actividades sobre o proxecto, recollida dos datos relevantes e reflexo dos mesmos en distintos soportes e materiais.

En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do proxecto lector de centro (en materia de lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción de información).

- Incluir actividades da biblioteca dentro do programa de “patios divertidos” no que estamos participando.
- En definitiva, proporemos actividades con distintos tipos de textos, con distintas finalidades e con distintos soportes.

Outras actividades:

- Recuperar a difusión de actividades que se desenvolven na biblioteca a través do Blog.

6.7. AUDICIÓN E LINGUAXE

O CEE Saladino Cortizo conta para este curso 2019/20 con tres especialistas en Audición e Linguaxe, (unha delas con redución de xornada dun terzo), as cales proporcionarán, **na medida do posible**, atención educativa ao alumnado con máis NEE na **competencia comunicativo-lingüística**. Facendo un total de 42 alumnos/as atendidos.

Dado o alto número de alumnos/as que precisan da atención específica en Audición e Linguaxe en tódolos ciclos e quedando moitos deles sen a atención requirida, destacamos:

A **necesidade urxente** de dotar ó centro de máis mestres/as con dita especialidade.

Os **obxectivos xerais** que se pretenden acadar ao longo do curso serán os seguintes:

- Mellorar a competencia da comunicación e a linguaxe (oral, escrita, SAAC) do alumnado escolarizado no centro.
- Facilitar ao alumnado a redución das dificultades que presenten na linguaxe, favorecendo o seu proceso de integración escolar e social.
- Proporcionar unha atención temperá para estimular a comunicación e a linguaxe, priorizando primeiro ciclo sobre o resto de alumnado.
- Coordinar o traballo cos titores/as, especialmente naqueles casos nos que empreguemos SAAC.
- Mellorar a formación e especialización da nosa labor docente.
- Colaborar có DO no impulso e dinamización da aula multisensorial.
- Continuar na coordinación das tres especialistas, na creación de materiais, na busca de solucións e no cooperativismo.
- En íntima relación tentar achegar e involucrar ás familias co noso labor.
- Asesorar ás familias no ámbito comunicativo-lingüístico.
- Coordinar as nosas actuacións cos equipos externos, tendo en conta o protocolo de protección de datos, coa finalidade de establecer unhas pautas de traballo comúns co noso alumno.
- Participar na avaliación inicial, continua e final do alumnado.
- Presentar propostas de mellora para a atención educativa no centro.

Formúlanse ademais unha serie de **obxectivos específicos**:

COMUNICACIÓN NON VERBAL

- Crear a necesidade de comunicarse coma ferramenta básica de desenvolvemento persoal e integración social.
- Potenciar a linguaxe expresiva – xestual.

Favorecer a comprensión das mensaxes comunicativas, orais e ou escritas.

- Dotar ao alumnado dun instrumento para comunicarse: SAAC (PECS/PICTOS/LSE)
- Proporcionar a toda a comunidade educativa as estratexias conversacionais usadas na comunicación.

PRERREQUISITOS DA LINGUAXE

Favorecer e mellorar a capacidade de atención, memoria, imitación e seguimento de instrucións.

Desenvolver a percepción auditiva e visual.

Tomar conciencia da presión e relaxación das distintas partes do corpo.

BASES ANATÓMICAS E FUNCIONAIS

- Mellorar o tipo e capacidade respiratoria.
- Conseguir unha axeitada coordinación fonorespiratoria.
- Acadar un maior control da tonicidade dos órganos bucofonatorios e coordinación dos mesmos durante a articulación.

NIVEL FONÉTICO – FONOLÓXICO

Mellorar a capacidade de conciencia fonolóxica.

Lograr a correcta articulación de todos os fonemas da lingua castelá e galega.

NIVEL LÉXICO – SEMÁNTICO

Aumentar o nivel de vocabulario (comprensivo/expresivo) e a capacidade de evocación.

Comprender as relacións semánticas existentes entre as palabras.

Desenvolver a capacidade de establecer asociacións, comparacións, clasificacións, categorizacións e definicións verbais.

NIVEL MORFO – SINTÁCTICO

Desenvolver o uso e orde correctos dos diferentes elementos morfolóxicos da linguaxe.

Favorecer a conciencia sintáctica.

Potenciar e afianzar unha correcta estrutura sintáctica (SUXEITO–VERBOS–COMPLEMENTOS).

PRAGMÁTICA

Desenvolver a capacidade de interpretación e seguimento de ordes e mensaxes orais.

Favorecer a comprensión de inferencias e metáforas.

Adquirir as funcións comunicativas orais adecuadas ao nivel de desenvolvemento.

Mellorar a capacidade de participar en conversas.

Adaptar os enunciados orais aos diferentes momentos e contornos comunicativos.

PROSODIA

- ✓ Controlar o ritmo da expresión oral, traballando variacións rítmicas.
- ✓ Conseguir unha entoación expresiva.
- ✓ Realizar correctamente as pausas no discurso.

VOZ

Implantar no alumnado hábitos de hixiene nasal e rino-farínxea axeitados.

Favorecer a ausencia de tensión nos órganos fono-articulatorios.

Manter unha correcta coordinación fono -respiratoria.

Mellorar as calidades da voz (timbre, ton, intensidade e duración).

LECTO-ESCRITURA

Seleccionar e empregar a **ruta de acceso a lectura** mais adaptada a cada alumno (ruta visual/fonolóxica/mixta).

Por outro lado, tomando como punto de partida os informes psicopedagóxicos e finais de curso, así como a memoria final do curso 2018-19, o **alumando** susceptible de recibir atención educativa por parte das mestras de audición e linguaxe será aquel con **dificultades no desenvolvemento da vertente comunicativo-lingüística** derivadas de necesidades educativas especiais asociadas á discapacidade.

No presente curso o alumando en AL será o seguinte:

1º CICLO: TOTAL= 10 discentes.

Un alumno con epilepsia complexa do lóbulo frontal e RSL.

Un alumno con síndrome de Angelman e epilepsia.

Un alumno con Síndrome de Wolf- Hirschhorn e epilepsia.

Unha alumna con síndrome de Inversión por duplicación do cromosoma 15 "idic 15".

Retraso psicomotor severo. Epilepsia.

Un alumno con atraso global do desenvolvemento, macrocefalia, hipotonía e hiperglicemia non cetósica.

Un alumno con retraso xeneralizado do desenvolvemento e trastorno autista

2 alumnos con TEA.

Dous alumnos de escolarización combinada de recente incorporación.

Neste ciclo temos 4 alumnos de combinada, cos que se traballará nunha sesión individual de AL, así como en pequeno grupo nun obradoiro de estimulación da linguaxe.

O resto de alumnado deste primeiro ciclo recibirá 2 sesións semanais de AL, así como as sesións en pequeno grupo (en grupos de tres alumnos) correspondentes ao obradoiro de estimulación da linguaxe a través dos contos denominado " Lemos un conto".

2º CICLO. TOTAL = 6 discentes.

- Un alumno con síndrome de Down.
- Un alumno con Síndrome de Angelman.
- 2 alumnos con TEA.
- Un alumno con TDAH.

- Un alumno con Síndrome de Dravet e Discapacidade Intelectual.

2 Grupos de Traballo

1º Grupo: formado por **4 alumnos** con patróns comunicativos diversos e que se reúne unha vez por semana co obxectivo de potenciar a súa competencia comunicativa. Son nenos que presentan fala e trabállase con eles por unidades temáticas, tanto a nivel articulatorio coma léxico e sintáctico.

Trátase de abordar dende un enfoque práctico o intercambio comunicativo, coidando os aspectos periféricos da linguaxe e o uso de habilidades sociais.

2º Grupo: formado por **2 alumnas** sen fala adquirida e que precisan de **Sistemas Alternativos de Comunicación** a través do uso de blocs comunicativos individualizados e personalizados, elaborados para eles con pictogramas de ARASAAC e fotos. Ademais, utilizan nos seus intercambios comunicativos “tablets” co programa **e-mintza** que lle permiten por medio dun sintetizador de voz elaborar producións orais.

- **TVA: = 22 discentes para estimulación da linguaxe e especificamente os seguintes:**
 - Dous alumnos con Síndrome de Down, un deles con disfemia.
 - Un alumno con TDAH e disfemia.
 - Un alumno con Síndrome de Dravet e Discapacidade Intelectual.
 - Un alumno con Parálise Cerebral e Discapacidade Intelectual.
 - Tres alumnos con TEA.
 - Unha alumna con TEA .
 - Unha alumna con Discapacidade Intelectual.
 - Un alumno con Síndrome de Sturge-Weber.
 - Un alumno con síndrome de Gerstmann.
 - Un alumno con retardo xeneralizado do desenvolvemento e epilepsia.
 - Un alumno con encefalopatía e fotofobia.
 - Un alumno con cadro compatible con PC e retraso psicomotor asociado.
 - Dous alumnos con parálise cerebral.
 - Unha alumnas con parálise cerebral, diplexía e retardo mental severo.
 - Unha alumna con epilepsia, retraso madurativo, motor, cognitivo da linguaxe. Trastorno xeneralizado do desenvolvemento.

- Un alumno con Disfemia e trastornos da fala.

Neste ciclo, ademais, traballarase a través do “Obradoiro de curtas” destinado ó traballo das HHSS e o uso das TIC; onde se fomenta a lectura e o uso da lingua galega a través da creación de curtas baseadas en libros. Neste proxecto participan arredor de 15 discentes de TVA unha hora semanal.

. FPB: TOTAL = 2 discentes

. Unha alumna con hipoacusia bilateral severa.

. Un alumno con Discapacidade Intelectual, Parálisis Facial e tumor

O traballo co alumnado por parte das tres especialistas de AL enfocárase a través dos distintos ciclos (1º, 2º, TVA) do seguinte xeito:

- No primeiro ciclo tratarase de sentar as bases da comunicación e da linguaxe, facendo fincapé nos prerequisites que permitirán o seu desenvolvemento, así como na habilitación da comunicación por medio de SAAC (PECS, fotos, pictogramas, LSE) ou a linguaxe oral para o posterior desenvolvemento das distintas dimensións da linguaxe de ser o caso.

- Tanto no segundo ciclo como en TVA as aprendizaxes que se levarán a cabo co alumnado terán como fin que o alumnado descubra na linguaxe unha poderosa ferramenta para interactuar nos contornos sociais e naturais.

En conclusión, é primordial orquestrar un traballo coordinado que terá como finalidade avanzar e acadar novas capacidades e competencias lingüísticas.

Actuacións.

O desenvolvemento dos programas individualizados de intervención partirá dos Informes Psicopedagóxicos e a da avaliación logopédica inicial.

Organización da Intervención

A intervención das 3 mestras de AL levarase a cabo tendo cada unha como referencia un ciclo: Primeiro, Segundo e Transito a Vida Adulta (TVA).

Nalgúns casos concretos, co fin de dar continuidade a labor pedagóxica iniciada en cursos anteriores ou debido as peculiaridades do neno/a, as especialistas traballarán con alumnos doutro ciclo.

Deste xeito as intervencións serán:

- A AL do 1º Ciclo traballará con dous alumnos do 2º Ciclo + 10 do 1º Ciclo.
- A AL do 2º Ciclo traballará con 4 do 2º Ciclo + 7 de TVA +2 de FPB.
- A AL de TVA traballará con dous alumnos de 2ºciclo + 15 alumnos de TVA.

Descrición da Intervención

A través de 3 canles fundamentais:

- **Programas de intervención individual**, os cales se axustarán á realidade de cada alumno/a priorizándose sempre a comunicación fronte a calquera outro obxectivo.
- **Obradoiro de estimulación da linguaxe a través dos contos**, co alumnado de primeiro ciclo na aula de audición e linguaxe do primeiro ciclo. Levarase a cabo martes, mércores e venres na sesión posterior ao recreo. O obxectivo principal deste obradoiro é unha aproximación á lectura, procurando aumentar a capacidade de atención para deambular neste espazo, manipular os materiais, aumentando o coidado dos mesmos e o traballo en pequeno grupo, que favorece a socialización do alumnado. Incluiremos materiais de apoio á lectura, imaxes, pictogramas, obxectos, debuxos... que nos permitirán seguir traballando sobre aspectos comunicativos.

1. Programa de Estimulación das Habilidades Comunicativas en 2º ciclo. Está adicado a 6 alumnos organizados en dous grupos: I (falantes) e II (non falantes).

En función das características de cada grupo trabállase:

Identificación Persoal.

Adaptación ao entorno escolar.

Intención comunicativa.

Interacción do alumno co entorno familiar-escolar-externo.

Ampliación da competencia Léxica.

Desenrolo das estruturas morfosintácticas do discurso.

Potenciación da Autonomía Persoal.

Comprensión das mensaxes Verbais.

Estimulación das Habilidades Sociais que potencien a convivencia co entorno.

2. **Plan proxecta: Nós tamén creamos!** O alumnado pertencente ó ciclo de Tránsito á vida adulta, xunto có profesorado titor de cada un deles, agruparase nun obradoiro de curtas; en coordinación e co apoio dun membro do equipo de normalización da lingua galega. Traballarase os seguintes obxectivos:

21. Ler álbums ilustrados en lingua galega e adaptalos á linguaxe audiovisual.
22. Adquirir competencias nas TIC coa finalidade de realizar películas de animación.
23. Crear curtametraxes de animación en lingua galega usando as TIC e diversas técnicas artísticas.

Respecto a **temporalización**, dicir que as sesións de intervención serán duns 30 ou 50 minutos, segundo as necesidades e desenvolveranse na aula de AL e nas aulas de referencia. Así mesmo, os obradoiros terán unha duración duns 50 minutos.

A **metodoloxía** a empregar basearase nos principios da aprendizaxe significativa, sendo sempre o máis lúdica posible, participativa e procurando un alto grao de motivación. Ademais, partirase dos coñecementos previos e aproveitarase o uso das TICs nas intervencións.

Coma **criterios metodolóxicos** máis salientables sinalamos os seguintes:

- Predominio do ensino en situacións naturais.
- Coordinación coas titoras/es do alumnado.
- Fomento da participación do alumnado nas situacións de intercambio comunicativo.
- Adaptación dos recursos materiais.
- Organización axeitada dos espazos, materiais e horarios.
- Respecto do ritmo de aprendizaxe de cada alumno/a.
- Creación dun clima de confianza e seguridade co alumnado, indagando sobre os seus incentivos e partindo dos intereses, experiencias e competencias.

Os **materiais** a empregar será o material funxible e creado polas mestras e os materiais específicos de AL:

MATERIAL DE SOPRO	Pompeiros, globos, pallas, mata-sogras, pelotas de ping pong, pipas, velas, instrumentos de vento, asubíos...
MATERIAL DE DISCRIMINACIÓN E ATENCIÓN	Lotos sonoros, bingo sonoro, <i>listas de Quilis</i> , <i>Mi amigo Simón</i> , libros de buscar a Wally, <i>Busca a Teo</i> , diverso material de observación, puzzles, instrumentos musicais, etc.

MATERIAL DE PRAXES E FONOLOXÍA	Espello, luvas, depresores, tarxetas de mobilidade buco-facial; <i>Fonodil, Fonoidentic,</i>
MATERIAL DE SEMÁNTICA	Barrallas de vocabulario de CEPE; maletíns de vocabulario de Akros, material manipulativo por campos semánticos; <i>Dicionario de imaxes de SM,</i> puzzles de vocabulario, puzzles de contrarios e adxectivos, Blocs comunicativos (Picto-fotográficos) individualizados ;etc.
MATERIAL MORFOSINTAXE	“Enseñame a falar”, “El tren de palabras”, xogo de estruturación de frases, secuencias, “Formación de frases”de Nardil, “ Espiral Morfosintaxis “, Blocs comunicativos (Picto-fotográficos) individualizados , etc.
MATERIAL DE PRAGMÁTICA	<i>Dime por qué?</i> de GEU, “En la mente”, material de xogo simbólico, “Bingo de las emociones”, “Más allá de las palabras”, etc.
MATERIAL DE LECTO-ESCRITURA	Programa de lectura global da web down 21, pictogramas de ARASAAC, lecto-foto de Akros, puzzles de sílabas, vogais, deletrear e abecedario de educa, letras magnéticas e de madeira,material de elaboración propia e cadernos de lecto-escritura do “Enseñame a falar”,
MATERIAL DE LSE	“Mis primeros signos”, “Aprendiendo a signar”, contos adaptados como “Me he perdido”, debuxos de signos de ARASAAC, alfabeto dactilolóxico, APP Spread the Sing.
MATERIAL INFORMÁTICO	HARDWARE:tres ordenadores de mesa, tres impresoras, unha tablet, pulsadores, cascos, micrófonos. SOFTWARE: Aword, Pictodroid, e-Mintza , Prelingua, Sígueme, Vocaliza, SEDEA, Speechviewer, Vivo, Globus e múltiples aplicacións.

A **avaliación** concibirase coma un continuo, coa fin de adaptar en todo momento o proceso de intervención ás características do alumnado. A **avaliación inicial** consistirá en pasar as seguintes probas: EDAF, PLON, RFI, PEABODY, PROTOCOLO PARA ALUMNADO PREVERBAL e ELA-ALBOR, ademais de observacións no grupo-clase e individualmente, ao alumnado novo. Así mesmo, levaremos a cabo controis trimestrais, dos cales informaremos as familias, ca fin de modificar se fose necesario elementos dos distintos programas individualizados.

7. PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

As principais actuacións referentes á formación do profesorado para o curso 19/20, centraranse no desenvolvemento do Proxecto de Formación Permanente do Profesorado (PFPP). Atendendo ás demandas da comunidade educativa, xunto ás

necesidades prantexadas polo alumnado, dúas serían as accións formativas principais:

- Formación en Sistema Alternativo de Comunicación, por intercambio de imaxes: PECs
- Formación en alumnado afectado de TEA.

Este PFPP, desenvolverase ao longo de todo o curso escolar. Ademáis de atender as demandas do profesorado, traballarase para incluír na formación ás familias e ao grupo de coidadores e coidadoras.

Obxectivos:

- a) Desenvolver o Proxecto de Formación Permañente do Profesorado (PFPP).
- b) Incluír a outros membros da comunidade educativa en diversas charlas formativas: familias, coidadores.
- c) Formación en Programa Comunicativo por Intercambio de Imaxes (PECs).
- d) Intervención en alumnado con Trastorno do Espectro Autista (TEA).
- e) Crear unha partida orzamentaria para poder abordar charlas, conferencias, que que non poidan ser subvencionadas a traveso de Cursos. Realizar charlas, xornadas, accións formativas de pequeno formato que dean resposta ás demandas de calquera dos membros da comunidade educativa.
- f) Enriquecer a acción educativa de toda a comunidade escolar, cara a dar unha mellora resposta educativa ao noso alumnado.

8. RELACIÓN CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

Dadas as características do centro, o seu carácter público, a necesidade que temos de que se coñeza o traballo que aquí se realiza, e o beneficioso que resulta para o centro a achega do traballo de persoal alleo o centro, neste momento temos firmados convenios para a realización de prácticas con:

- ✓ Escolas de Maxisterio, de xeito que aquí poidan realizar as súas prácticas os estudantes das especialidades que se imparten no centro.
- ✓ Universidade de Vigo, co fin de que poida realizar prácticas no centro o alumnado do Master en Necesidades Educativas Especiais.
- ✓ Escola de Traballo Social de Santiago de Compostela, co fin de que o alumnado desta especialidade poida formarse no centro.
- ✓ Concello e Vigo, co fin de que realicen prácticas alumnos e alumnas de cursos de formación ocupacional.
- ✓ Colexio María Inmaculada (Vigo) realizando formación en centros de traballo.

- ✓ Centro Plurilingue San José de la Guía facilitando a Formación en Centros de Trabajo para o alumnado de Ciclos Formativos de Atención Sociosanitaria.
- ✓ IES de Chapela, facilitando a Formación en Centros de Trabajo para o alumnado de Ciclos Formativos de Atención Sociosanitaria.
- ✓ Asemade o centro, coa aprobación do Consello Escolar, pode ceder as súas instalacións para que outras entidades realicen actividades nelas ou cursos nelas.
- ✓ Sempre que haxa un beneficio económico como compensación, este investírase en formación para o persoal do centro.

9. TRANSPORTE E COMEDOR ESCOLAR

9.1. TRANSPORTE

O servizo de transporte funciona de acordo coa organización establecida pola Xefatura Territorial da Consellería de Educación.

ORGANIZACIÓN DO SERVICIO

De acordo coa Orde de 23 de xuño de 2011, serán os mestres os encargados de recoller aos alumnos e alumnas que usan o transporte escolar e controlalos xunto co persoal coidador de 9.15 a 9.30 horas. Para estes efectos está establecido un sistema de garda preferente en cada unha das zonas de espera.

Os alumnos /as permanecer na zona asignada a cada ciclo ata o momento en que toque o timbre, neste momento incorporaranse á clase acompañados polos mestres e emstras correspondentes.

Tódolos rapaces teñen transporte dende o seu domicilio ata o centro escolar.

Debido aos domicilios do alumnado do centro, nas zonas máis alonxadas do centro, e co fin de non prolongar en exceso o seu tempo de permanencia no transporte escolar, combinase o transporte en taxi ata o autobús escolar.

Salientar que tódolos autobuses contan con auxiliar da propia empresa.

Neste curso saen dende o centro os seguintes servizos:

Tres liñas de autobús que percorren a cidade, adaptando a principio de curso o percorrido aos domicilios dos alumnos e alumnas.

Un autobús que fai un recorrido cara Mos e Porriño e enlaza co taxi que trae aos rapaces dende Tui ata Porriño.

Un autobús que fai un recorrido cara Ponteareas, Salceda de Caselas e Salvaterra. Esta ruta combina con dous taxis que recolle rapaces en distintas parroquias de Ponteareas e A Cañiza e os acerca a distintos puntos da ruta, incorporándose ao autobús.

Un autobús que vai cara o Concello de Redondela.

Un autobús adaptado que fai o recorrido cara a zona do Morrazo.

Dez taxis, ademais dos que fan a conexión que se reflexaron anteriormente temos:

un que transporta nenos e nenas cara a zona do Morrazo: Moaña, Cangas e Bueu

outro que fai o recorrido Cabral-Mos-Salceda-Ponteareas

un taxi adaptado que fai o percorrido Chapela, Trasmañó e centro de Vigo.

un taxi que fai un servizo a Valadares, Gondomar e Nigrán.

dous taxis adaptados que traen a rapaces con problemas de mobilidade dende Vigo

un taxi adaptado que fai recorrido hacia Ponteareas e A Cañiza

A saída do centro cara ao transporte escolar comenzará ás 15.20 horas, co fin de favorecer a saída en primeiro lugar dos taxis que fagan unha doblaxe no seu servizo.

Existe un rexistro de incidencias no transporte, así o persoal coidador dos autobuses que teña dificultades na atención dos rapaces e rapazas, problemas de comportamento ou calquera outra incidencia debe comunicalo por escrito ao centro.

Tódalas deficiencias que se observen no servizo deben ser comunicadas pola dirección do centro a empresa responsable e de non solucionarse poranse en coñecemento do departamento correspondente da Xefatura Territorial de Educación.

OS USUARIOS DO TRANSPORTE ESCOLAR TEÑEN AS SEGUINTE OBRIGAS:

Chegar a parada co tempo suficiente para coller o autobús/taxi

Esperar que o autobús abra a porta antes de baixarse

Non empurrar aos compañeiros

Respetar as indicacións do persoal acompañante do autobús

Non tirar papeles ou outros obxectos polas fiestras

Non levantarse antes de que o autobús estea completamente parado

Non apoiarse nas portas de saída

AS FAMILIAS TEÑEN AS SEGUINTE OBRIGAS

Indicar aos seus fillos e fillas a necesidade de respetar as normas do autobús

Indicar ao centro calquera posible incidencia na parada asignada

Avisar ao centro no caso de que un rapaz/a non faga uso do transporte escolar

PROCEDIMENTO A SEGUIR SE ALGÚN PAI/NAI NON ESTIVÉSE NA PARADA A RECOLLER AO SEU FILLO/A

Os rapaces que van solos a casa deben contar coa autorización firmada da súa familia.

No caso de que algunha familia non estea a recoller ao seu fillo/a farase o seguinte:

O responsable do autobús comprobará que a familia non se está aproximando.

Se non ven nadie a buscalo intentarase poñer en contacto telefónico coa familia, nese momento tamén se comunicará o feito a dirección do centro

Se seguen sen vir o rapaz continuará na ruta ata o final, nese momento a responsable do autobús acompañará ao rapaz ata o seu domicilio usando un taxi

De non haber nadie na casa comunicarase coa policía local.

9.2. COMEDOR

O comedor funciona de acordo coas disposicións oficiais, comezando o seu funcionamento no mes de Setembro e rematando no mes de xuño.

Características do servizo:

- Alumnado

Todos os alumnos e alumnas do centro deben utilizar este servizo

Os rapaces e rapazas séntanse no comedor en mesas organizadas por ciclos ou grupos clase, sendo fixa tamén a distribución do persoal coidador e colaboradores en cada un dos grupos.

Está establecido un sistema de participación do alumnado nas tarefas do comedor. Así dende o momento que se considera que teñen capacidade forman parte dunha quenda semanal de camareiros que é coordinado polos mestres de cada grupo, eles serán os encargados de poñer a mesa e de servir aos seus compañeiros durante a hora da comida, levantarse a buscar o que os comensais necesiten, recoller e deixar limpa a mesa...

Co obxectivo de que o comedor se convirta nunha parte máis do proceso educativo do centro, os grupos poden incorporarse ao comedor antes das 14.30, tendo nese caso que colaborar os titores co persoal coidador na atención dos rapaces e rapazas nese tempo.

O remate do tempo de comer cada grupo terá un tempo de lecer que como norma xeral desenvolverase no patio.

Tódolos rapaces e rapazas disporán do menú na aula, ademais estará en fotos no comedor, encargándose o primeiro ciclo desta tarefa

O alumnado con alerxias alimentarias contará cun menú adaptado, así como calquera outro alumno/a con algunha patoloxía puntual.

- Persoal

As responsables da organización e funcionamento do comedor serán a encargada de comedor e a directora, que deberán estar sempre presentes no tempo de funcionamento do comedor.

O comedor é atendido polo persoal coidador e os colaboradores concedidos pola Consellería en función do número de alumnos, co fin de que os rapaces e rapazas poidan ser atendidos de xeito adecuado.

Poden optar a ser persoal colaborador en primeiro lugar os mestres e mestras, e si non houbera as familias. Tódolos colaboradores reciben a contraprestación que marca a Consellería para este fin.

O tempo de comer para o persoal é a partir das 15.30.

- Comisión de comedor

Co fin de mellorar a calidade do servicio e prever dificultades, crease unha comisión de comedor coas seguintes características:

Compoñentes: directora, encargada de comedor, unha representante do persoal coidador, a cociñeira e a enfermeira

Funcións:

valorar as necesidades de material específico

propor melloras no menú e na súa elaboración

estudiar desaxustes nos grupos

- Familias

Tódalas familias terán información puntual do menú do centro, para o cal se lles enviará fotocopiado a principio de mes. Asemade será colgado tamén na páxina web do centro.

Co fin de que as familias coñezan a realidade do comedor do centro, proporáselle que poden vir a comer de forma voluntaria e previa solicitude un día ao mes cun tope de catro persoas. Co fin de poder facer esta actividade de xeito organizado será o terceiro xoves de cada mes.

MENÚ OUTUBRO 2019

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Semana 1	----	1 Sopa ♦♦♦ Churrasco con ensalada ♦♦♦ Iogur	2 Arroz vexetal ♦♦♦ Peixe con ensalada ♦♦♦ Froita	3 Crema de verduras ♦♦♦ Polo asado con patacas e pementos ♦♦♦ Iogur	4 Ensalada de pasta ♦♦♦ Peixe con guarnición ♦♦♦ Fruta
Semana 2	7 Lentellas vexetais ♦♦♦ Empanada de atún ♦♦♦ Froita	8 Crema Vichy ♦♦♦ Milanesa de polo con patacas fritas ♦♦♦ Xelatina	9 Ensalada mixta ♦♦♦ Arroz con carne ♦♦♦ Mazá asada	10 Crema de verduras ♦♦♦ Peixe con patacas panadeira ♦♦♦ Iogur	11 Pasta con espinacas e queixo ♦♦♦ Xamón asado con ensalada ♦♦♦ Froita
Semana 3	14 Crema de verduras ♦♦♦ Xamón e queixo con arroz ♦♦♦ Piña en almíbar	15 Sopa de verduras ♦♦♦ Albóndigas en salsa e pataca cocida ♦♦♦ Froita	16 Caldo galego ♦♦♦ Arroz con peixe ♦♦♦ Iogur	17 Macarróns con tomate ♦♦♦ Pavo asado con guarnición ♦♦♦ Froita	18 Garavanzos con espinacas ♦♦♦ Peixe con patacas ♦♦♦ Natillas
Semana 4	21 Xudías verdes con xamón e ovos ♦♦♦ Pizza ♦♦♦ Froita	22 Sopa ♦♦♦ Peixe con menestra ♦♦♦ Iogur	23 Ensalada mixta ♦♦♦ Hamburguesa vexetal con arroz branco ♦♦♦ Froita	24 Fabada ♦♦♦ Tortilla vexetal ♦♦♦ Iogur	25 Crema de verduras ♦♦♦ Carne guisada con arroz ♦♦♦ Xelatina
Semana 5	28 Ensalada mixta ♦♦♦ Espaguetes con atún ♦♦♦ Melocotón en almíbar	29 Caldo de verdura ♦♦♦ Carbonada ♦♦♦ Froita	30 Menestra de verduras ♦♦♦ Peixe con pataca cocida ♦♦♦ Iogur	31 DÍA DO ENSINO	

10. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

DESCRIPCIÓN DO CENTRO

O centro edificio de planta baixa e sótano.

Á entrada hai unha pequena zona de xardín que linda cun área recreativa da Comunidade de Montes.

As outras caras do Centro están rodeadas de zona de xardín, patio, área de traballo da horta escolar, invernadeiro e parking.

Hai dúas caldeiras e un depósito de gasoleo, acumuladores de auga quente e un depósito de propano na zona da cociña, con acceso polo exterior nunha zona valada para os alumnos. No soto hai un grupo de presión e un transformador de alta tensión. Xunto coa cociña, estes supoñen os principais focos de perigo do Centro. Poer este motivo non se poden bloquear os accesos ao soto nin a zona da cociña, limitando a entrada e saída de vehículos de emerxencias.

O interior do colexio ten tres corredores paralelos nos que se sitúan as aulas e talleres dos distintos grupos. Todos teñen comunicación coa parte interior do Centro, onde está o patio de recreo, e coa parte exterior do edificio, asemade comunícanse entre eles mediante outros dous corredores transversais.

As saídas cara o patio deben permanecer pechadas ou controladas durante o horario de clase.

PLAN DE EVACUACIÓN

INSTRUCCIÓNS PARA O PERSOAL

1.- A persoa que se aperciba do sinistro dará o sinal de alarma, tocando o timbre de xeito continuado de forma que se aperciban tódalas aulas.

2.- Os mestres sairán á porta da súa aula e poranse en contacto cos da súa zona co fin de ordenar a saída.

3.- As coidadoras e coidadores abrirán as portas de acceso ó patio exterior e irán ás aulas do seu ciclo co fin de axudar na saída dos nenos e nenas, debendo comprobar que non quede ninguén nas aulas.

4.- As saídas faranse da seguinte forma:

Corredor verde: aulas do Primeiro Ciclo e Segundo Ciclo hacia o patio e pola súa porta.

Corredor laranxa: aulas de Tránsito á Vida Adulta, talleres e obradoiros cara o patio e pola súa porta.

Corredor azul: aulas e talleres de PF de FPB pola súa porta e cara o patio. Por esta porta sairán tamén os alumnos que poidan estar en obradoiros dese pasillo.

Salón de Actos: directamente ao patio polas portas exteriores.

Lavandería e ximnasio: sairán pola horta accedendo ao patio directamente.

5.- O conserxe pechará as portas corta- fogo de cada un dos corredores.

6.- Se a alarma non se debe a un perigo inmediato, evitarase alarmar aos rapaces e rapazas de forma excesiva, polo que dentro do posible, non se tocará o timbre, e o conserxe avisará ao persoal coidador que a sua vez avisarán aos mestres e mestras dos distintos ciclos, que sacarán ós nenos ó patio como se dun recreo se tratase.

7.- A traballadora social colaborará na saída do alumnado que poida estar no corredor laranxa cara o patio.

8.- O persoal de enfermería e fisioterapia colaborarán na saída do pasillo correspondente.

9.- O persoal de cociña deixará as instalacións cortando os accesos de gas.

10.- Tanto o alumnado coma o persoal situaranse no campo de fútbol, pois é a zona máis alonxada do patio.




























INSTRUCCIÓNS PARA OS ALUMNOS E ALUMNAS

1.- Ao escoitar o sinal de alarma deixarase o que se estea a facer, preparándose para saír.

2.- A saída farase de xeito rápido, en silencio e sen deterse a recoller abrigos, mochilas ou merendas.

3.- Unha vez no patio situaranse na zona indicada polo seu mestre/a, campo de fútbol, debendo permanecer nel.

4.- Non se alexarán do seu grupo de referencia salvo orden expresa dun responsable do grupo.

 COMEDOR								
			1º	TVA	TVA			SALÓN DE ACTOS
			1º	TVA	TVA			CAMAS E BAÑO ADAPTADO
 HORTA INVERNADOIRO			1º	PERSOAL	TVA			
		SALA DE MÁQUINAS	1º					
		AL	2º					HORTA
			2º	TVA	TVA			
			AL	TVA				
			AL					
								
								XIMNASIO

11. PERSOAL NON DOCENTE

O colectivo de persoal non docente que traballa no Centro está formado por vinte e dúas persoas, todas elas pertencentes ó Persoal Laboral dependente da Xefatura Territorial da Consellería de Educación. Os seus dereitos e deberes recóllense no V Convenio Laboral para Persoal Laboral da Xunta de Galicia.

11.1. CONSERXE

As súas funcións son todas aquelas relacionadas co coidado e mantemento das instalacións do Centro, atender ó teléfono, fotocopiadora... así como calquera outra

que lle sexa encomendada de acordo coas funcións especificadas no convenio correspondente.

11.2. PERSOAL DE COCIÑA E COMEDOR

Son unha cociñeira, unha axudante de cociña e unha camareira- limpadora. O seu ámbito de actuación é a cociña do centro, sendo a camareira- limpadora tamén encargada da lavandaría.

11.3. PERSOAL DE LIMPEZA

O persoal de limpeza (3 persoas) ten xornada laboral de tarde.

Elas son as encargadas da limpeza de todo o colexio agás o comedor.

11.4. PERSOAL COIDADOR

O colexio conta con once coidadores e coidadoras fixos durante toda a semana.

A súa distribución no Centro faise por ciclos, sendo este ano tres para o Primeiro Ciclo, tres para o Segundo Ciclo (unha delas apoia tamén ó primeiro ciclo), catro para Tránsito á Vida Adulta e unha para Programas Formativos de Formación Profesional Básica.

O persoal coidador é o responsable de atender as necesidades do alumnado no relativo a hixiene, alimentación..., así como de apoiar ós mestres/as de cada ciclo no que se lle requira, facendo traballo de apoio dentro da aula cos casos que se estableza de xeito coordinado co ciclo, tal como figura nas funcións elaboradas de xeito consensuado.

11.5. TRABALLADORA SOCIAL

Dentro do ámbito escolar, a traballadora social, de acordo co proxecto Educativo do centro, colabora con outros profesionais para favorecer o desenvolvemento integral do alumnado, proporcionando elementos de coñecemento do mesmo e da contorna, nos aspectos familiar e social e intervindo nestas áreas cando é necesario.

O traballo social no centro educativo contempla unha serie de obxectivos:

- ✓ Atención ás familias para informar sobre o procedemento de solicitude e admisión no centro.
- ✓ Análise e intervención directa ante problemáticas familiares, escolares e sociais do alumnado matriculado, posibilitando unha atención integral.

- ✓ Colaboración xeral na dinámica de convivencia do centro, cooperando cos distintos profesionais.
- ✓ Fomento da participación dos pais, nais ou titores/as no proceso educativo.
- ✓ Información, orientación e asesoramento sobre recursos sociocomunitarios, canalización e derivación de demandas, e seguimento das actuacións.
- ✓ Apoio no proceso de integración escolar do alumnado en todas as etapas educativas e prevención e seguimento do absentismo escolar.
- ✓ Coordinación e cooperación interinstitucional que afecte ó benestar social.
- ✓ Colaboración na programación de actividades e xornadas dirixidas ás familias.
- ✓ Promoción coa dirección do centro e co departamento de orientación, no desenvolvemento de políticas escolares e medidas que permitan elevar o benestar do alumnado e das familias en todos os ámbitos.

11.6. FISIOTERAPEUTA

O seu traballo organizase de xeito coordinado cos titores e dende o departamento de orientación, co fin de atender ao maior número de rapaces priorizando de xeito adecuado as necesidades destes.

11.7. ENFERMEIRA

As funcións da enfermeira fixéronse de xeito consensuado, ao ser necesario aunar as propias do seu traballo coas necesidades dun centro escolar.

11.8. INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS

O seu traballo distribúese entre as aulas que escolarizan a rapaces con problemas auditivos, facendo non só tarefas de intérprete senón tamén axudando a integración dos rapaces na aula, traballando linguaxe de signos con todo o grupo.

11.9. CADRO DE PERSOAL

Persoal coidador:

- ✓ Isabel Álvarez Vázquez
- ✓ Cristina Ochogavía Rey
- ✓ M^a José Soto Mata
- ✓ M^a Eugenia Vilariño Varela
- ✓ Enrique González Domínguez

- ✓ Julia M^a Bouza Fernández
- ✓ Marta García Noya
- ✓ Elisa Rodríguez Camiña
- ✓ Consuelo Vilasánchez Muñoz
- ✓ Alfonsa García Congil
- ✓ Eva M^a López Domínguez

Conserxe:

- ✓ Bernardo Vázquez Acuña

Persoal de cociña:

- ✓ María Rosa Estévez Pazo
- ✓ Fabiola Limeres González
- ✓ M^a Elena Paredes Otero

Persoal de limpeza:

- ✓ M^a del Carmen Puga Vilaboa
- ✓ M^a del Carmen Requejo Pérez
- ✓ M^a del Carmen Fernández Dorrió

Traballadora social:

- ✓ Nerea Couso Iglesias (Contrato relevo de Josefa Rendo Caneda)

Fisioterapeuta:

- ✓ Victoria Alonso Pampín

Intérprete LSE:

- ✓ Beatriz Pedrosa Maquieira

Enfermeira:

- ✓ Ana Belén López Fariña

12. RELACIÓN COAS FAMILIAS

É un obxectivo do centro aunar esforzos xunto coas familias de cara a conquistar o máximo desenvolvemento persoal dos alumnos e alumnas; debemos implicarlas na dinámica do centro e facelas partícipes das actividades que aquí se levan a cabo, invitándoas a participar naquelas que se presten á súa colaboración ou asistencia.

Tal como está establecido, ó inicio do curso realizarase unha reunión conxunta con tódolos pais/nais de cada ciclo ou nivel educativo, xa que así o aconsella o número de nenos/as e a organización do traballo, cada ciclo valorará a conveniencia de facer outra no terceiro trimestre co fin de valorala marcha do curso e recoller opinións dos pais e nais acerca do traballo desenvolvido.

Asemade, unha vez postas en funcionamento tódalas aulas e actividades, enviaráselles ós pais unha circular informativa de todo o relativo á organización e normas xerais do Centro: normas xerais de funcionamento, horario, actividades xerais... así como a hora de visita co titor/a, na que se procurará manter contacto individual con tódalas familias.

De xeito xeral procurárase colaborar en todas aquelas demandas que, ben de xeito individual ou a través da ANPA, fagan chegar ó Centro.

13. INSTALACIÓNS ESCOLARES

13.1. UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO





Tódalas instalacións do Centro son utilizadas polos alumnos/as do propio colexio en horario escolar.

Tamén se lle facilitará a ANPA do centro o uso das instalacións sempre que queiran facer reunións, conferencias... ou calquera actividade relacionada coa súa organización.

No caso de que calquera organismo alleo ao centro quixera facer uso das instalacións para desenvolver as súas actividades, deberá solicitalo á Dirección do Centro, que presentará a proposta e informará ao Consello Escolar.

13.2. NECESIDADES

É necesario continuar na mellora do centro. De cara a este curso está programada:

-  Seguir traballando na remodelación do patio.
-  Rematar as melloras iniciadas no salón de actos
-  Adecuar a aula multisensorial
-  Adecuar o espazo no que foi retirado o seto

13.3. NECESIDADES DE MATERIAL

As necesidades de material do centro son varias, mais neste momento consideramos que é prioritario incidir na solicitude de material informático feita con anterioridade, co fin de mellorar especialmente os equipos informáticos do centro.